

PARROQUIA DE ARANTE

FESTAS

“A Festa das Cruces”.

Día de Pentecostés.

ONDE COMER

-A Taberna de Lola. (1 garfo)

Remourelle s/n . Arante Ribadeo. 982137419

-Mesón A Pena. (1 garfo).

Vilela ,5. Covelas. Ribadeo. Teléfono: 982137629

-Casa Domingo. (1 garfo).

Covelas, 2. 27714. Ribadeo. Teléfono: 981137449

-Casa Doñano. Baixo reserva (1 garfo).

Vilela, s/n. 27714 Covelas. Ribadeo. Teléfono: 982137429

LOCALIZACIÓN




DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA TERCEIRA
TURISMO



EXCMO.
CONCELLO DE RIBADEO

A PONTE -A R A N T E-



● A PONTE DE ARANTE

Este lugar mítico no Camiño Norte a Santiago era un paso difícil, a miúdo infranqueable en inverno, ó quedar asolagado polos ríos Lexoso e Arante. Houbo un hospital de peregrinos, que uns documentan en tempos medievais e outros no século XVI, e unha feira mensual e dous anuais, o que dá idea da súa importancia pasada. Hoxe é coñecido por acoller unha imaxe da Nosa Sra. das Virtudes, de gran devoción na bisbarra, e polo seu templo cunha magnífica colección de pinturas murais. A intercesión da patroa foi crucial na heroica defensa ante os exércitos franceses en 1809. En memoria daquel suceso, cada ano por Pentecoste ten lugar aquí a Festa dos Pendóns.

● A BATALLA DA PONTE DE ARANTE

O 25 de xaneiro de 1809, os veciños das parroquias de Ove, Balboa, Sante, Cedofeita, Covelas, Arante e Vidal comezaron a defensa dos accesos a Ribadeo para evitar a entrada do xeral Fournier. Este cordón sanitario gardaba dous puntos estratéxicos: a ponte de Arante e o camiño por Vilausende.

A defensa foi heroica, xa que a maior parte da milicia estaba conformada por labregos sen máis armas que os seus apeiros; estaban comandados por Melchor Díaz da Rocha –alcalde de Sante– e por Vicente Lamas de la Torre –señor de Quintalonga–. O 5 de febreiro retiráronse, ó chegar os reforzos de Fournier.

● A FESTA DOS PENDÓNS

En memoria deste suceso, ten lugar o día de Pentecostes a festa dos Pendóns. Comeza coa bendición dos campos e as novas colleitas no lugar de Bestilleiros; alí únense á comitiva os pendóns das parroquias de Vidal e Arante.



Na ponte esperan os de Ove, Covelas, Cedofeita, Balboa e Sante; parten en procesión ata o santuario, de onde saen coas imaxes da Virxe e de Santiago Apóstolo.

No adro, os portadores das insignias e cruces parroquiais reverencian a Virxe e bailan o pendón ata o pousar na terra como símbolo de agradecemento e veneración. A procesión continúa arredor do templo, onde ten lugar a misa maior.

Esta é unha celebración moi concorrida, tanto por devotos e ofrecidos como por público en xeral, de maneira que ós actos relixiosos lles segue a festa profana.

● SANTUARIO DAS VIRTUTES

As noticias máis antigas remóntano a finais do s. XIV; conserva bastantes elementos medievais, aínda que foi reformado nos séculos modernos. Na década de 1970 quedou ó descuberto un magnífico conxunto de pinturas murais que reflicten episodios da vida de María: fuxida a Exipto, visita ó templo, Asunción, Coroación, etc.

O estilo artístico data a obra na primeira metade do século XVI e ponno en relación con outros traballos da época, especialmente co mestre das pinturas da catedral de Mondoñedo.

Os muros gardan tamén un singular exvoto pintado, que relata a intervención milagrosa da Virxe a favor do navío Santa Catalina, en 1595.



● EXVOTO DE ARANTE

Encóntrase no presbiterio, no lateral da Epístola –á dereita–, e relata o milagre acontecido en 1595, cando unha treboada castigou ó navío Santa Catalina.

O capitán realizou en 1606 unha ofrenda de gratitude á Virxe, se ben o exvoto se confeccionou posteriormente. É unha obra singular xa que moi raramente os exvotos adquiren estas dimensións e vocación de permanencia.

Como todos, o exvoto está concibido para difundir a historia sen necesidade de ler a lenda que o acompaña. O seu público preferente son os devotos –maioritariamente analfabetos–, de aí a viveza das imaxes e a sucesión de escenas.



● A PARROQUIA DE SAN PEDRO DE ARANTE

A lugar da Ponte pertence a parroquia de Arante, que é a máis montañosa do municipio e, precisamente por iso, unha das máis expostas ó despoboamento en tempos difíciles. A poboación agrúpase nos vales dos ríos Arante e Lexoso. Curiosamente, a súa veciñanza estivo dividida historicamente en dúas xurisdicións, xa que uns pertencían ó condado de Ribadeo e outros ó mosteiro de Lourenzá.

O val de Arante confirma que foi territorio pobre e escasamente poboado. Dan fe de iso a precariedade crónica da fábrica parroquial, os datos temperáns sobre emigración, o escaso volume das artesanías domésticas no século XVIII ou a obra pía que fundou en 1681 D. Antioio da Barreira para crear un banco de sementes de millo para prestar aos labregos pobres.

